



## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 26 DE SETEMBRO DE 2025**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez  
D. Raúl Varela Fraguio  
D. Manuel Castro Uzal

### **SECRETARIO ACCIDENTAL:**

D. Fernando Manuel Garrido Negreira

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e seis de xullo do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria e urxente baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán, D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, D. Raúl Varela Fraguio e D. Manuel Castro Uzal.

Actúa como secretario o secretario accidental do Concello, D. Fernando Manuel Garrido Negreira, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1.- PRONUNCIAMENTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RESPECTO DA URXENCIA DA CONVOCATORIA E DO SEGUINTE ASUNTO A TRATAR, DE CONFORMIDADE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 133.1 a) DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL**

Na Resolución da Alcaldía núm. 907/2025, do día 26 de setembro, pola que se convoca esta Xunta de Goberno Local se sinala que:

"(.../...)"

A urxencia da convocatoria e do asunto vén motivada pola necesidade de proceder á adxudicación da "Contratación artística e produción do XXXIII Festival Rock in Cambre".

"(.../...)"

Sometida pola Presidencia a urxencia a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade, aprobar a urxencia da convocatoria e do asunto incluído na orde do día.

### **2.- PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DA "CONTRATAÇÃO ARTÍSTICA E PRODUÇÃO DO XXXIII FESTIVAL ROCK IN CAMBRE". EXPEDIENTE 2025/C004/000011**



A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 26 de setembro de 2025 (CVD: Sr9KeSOZ0XoAkrsf7e0I), que transcrita di:

#### «PROPOSTA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente tramitado na plataforma TEDeC co número 2025/C004/000011 relativo á contratación artística e produción do XXXIII Festival Rock in Cambre 2025 cun orzamento base de licitación de 120.995,66 € (99.996,42 € sen IVE).

Vista a proposta do Concelleiro delegado da área de economía, facenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento económico, de data 4 de agosto de 2025 (CVD: PIZMAR2qQC8tWrv57f61) e a certificación do acordo da aprobación da mesma pola Xunta de Goberno Local por unanimidade CVD: hWYILyzisA8WxEIS01L9

Vistas as actas das sesións da mesa de contratación do 26 de agosto de 2025 (CVD: SiTGXiDIQO90Hi4FbPsl), 2 de setembro de 2025 (CVD: 67srfQF4zfGrxz1J9T9g) e do 3 de setembro de 2025 (acta con CVD: VzbtMtF06ebp99bTJvwKr), esta última na que, acordou realizar "...propuesta de adjudicación de la "Contratación artística y producción del XXXIII Festival Rock in Cambre", a favor del licitador "Alboroto Producciones, S.L.", en el precio ofertado de 97.000,00 euros sin IVA (117.370,00 euros IVA incluido) y con las mejoras ofertadas de 400 metros cuadrados de superficie adicional de carpa y 2 limpiezas de sanitarios químicos (a mayores de las 2 exigidas en los pliegos), sin que su oferta esté incurso en presunción de oferta anormalmente baja."

Vista a sesión da mesa de contratación de data 23 de setembro de 2025 (CVD: dOvJyBRpfkK5DHT9tQSt) polo que se declara que "... "Alboroto Producciones, S.L." ha presentado correctamente la documentación requerida en la Cláusula 19 del PCAP".

Visto o informe desfavorable da Secretaría ao pliego de cláusulas administrativas particulares de data 4 de agosto de 2025 (CVD: OZbVYeigHgIV+Luy7g0t) así como informe con reparos da Intervención accidental de data 4 de agosto de 2025 (CVD: aNRenMlasOAq5/ZlmYkN).

Visto o informe desfavorable a adxudicación da Técnico de Xestión da Administración Xeral interina, co conforme do Secretario accidental, de data 24 de setembro de 2025 (CVD: vQVZWpxbM7Z15aJIUaJ) no que se informa desfavorablemente a contratación polas consideracións que no mesmo se conteñen.

Visto o informe de intervención de 25 de setembro de 2025 (CVD: zCVf7SfP85gwNRLySvRn) no que, entre outras cousas sinala: "... Fiscalizado desfavorablemente CON efectos suspensivos por aplicación do artigo 216.2.c TRLFL (omisión de requisitos e trámites esenciais): X\*.A: tal e advertiu a interventora accidental no ser informe referencia APT CONTRATO ROCK IN- CAMBRE. FASE A /2025, de 04.08.2025 (CVD: aNRenMlasOAq5/ZlmYkN), os reparos emitidos no citado documento, ao non ser solventados, teñen carácter suspensivo na fase de adxudicación do contrato..."

Visto o informe do coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude, de data 25 de setembro de 2025 (CVD: Cu8q3lfxK40fQpkkNoU4) no que polos motivos expostos no mesmo solicita "...o levantamento por parte da Alcaldía dos reparos suspensivos sinalados pola Secretaría e Intervención municipal, por considerarlos suficientemente motivados tanto neste informe como nos demais documentos que integran este contrato e coa fin de proseguir coa tramitación do expediente..."

Visto o decreto da Alcaldía núm. 906/2025 do 26 de setembro, no que resolve: "...Levantar o reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no seu informe de 25 de setembro de 2025 (CVD: zCVf7SfP85gwNRLySvRn, referencia "ASUNTO: FISCALIZACIÓN PREVIA DA ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE



(FASE D) DE CONTRATACIÓN ARTÍSTICA E PRODUCCIÓN DO XXXIII FESTIVAL ROCK IN CAMBRE 2025. EXPEDIENTE (TEDEC NÚM. 2025/C004/000011) a efectos de continuar coa tramitación do procedemento, isto con base no informe do coordinador de actividades culturais e educativas, de data 25 de setembro de 2025 (CVD: Cu8q3lfxK40fQpkkNoU4).”.

Vista a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 391/2025, do 30 de abril, propoño a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar válida a licitación admitindo nela a ALBOROTO PRODUCCIONES, S.L. y “TELECYL, S.A”.

**Segundo:** Aprobar a valoración das ofertas das empresas admitidas de conformidade co acordo adoptado pola mesa de contratación o día 03.09.25 (acta con CVD: VzbtMtF06ebp99bTJvwKr).

**Terceiro:** Adxudicar a contratación artística e produción do XXXIII Festival Rock in Cambre 2025 a entidade mercantil **ALBOROTO PRODUCCIONES, S.L.** no prezo ofertado de 97.000,00 euros sin IVA (117.370,00 euros IVA incluído) e coas melloras ofertadas de 400 metros cuadrados de superficie adicional de carpa e 2 limpeza de sanitarios químicos (a maiores das 2 esixidas nos pliegos).

**Cuarto:** Designar responsable deste contrato ao coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude, José Luís Martínez Názara, a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada. Isto, de conformidade coa cláusula 19 do PCAP.

**Quinto:** Notificar os presentes acordos aos licitadores, publicar no prazo de quince días a adxudicación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, incluído na Plataforma de Contratación do Sector Público do Estado (<https://contrataciondelestado.es>).

**Sexto:** Dar traslado ao responsable do contrato e á Intervención municipal, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos por medio da Plataforma TEDEC.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, este acordo pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante a señora alcaldesa [artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local].

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.»



Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 26 de setembro de 2025 (CVD: Sr9KeSOZ0XoAkrsf7e0l), resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e oito minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretario accidental, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

O secretario accidental

Fernando Manuel Garrido Negreira